



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire
D. José Barreiro Somoza
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xulio Pardellas de Blas
D. José Carlos Cermeño Iglesias
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Alberto Alonso Costas
Dª Mª Luisa Alonso Escontrela
D. Pedro Antonio Araújo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
Dª Carmen Becerra Suárez
D. Luis Bernal Conde
D. José Luis Capelo Martínez
D. José Chavete Rodríguez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. José Mª Correa Otero
Dª Margarita Estévez Toranzo
D. Manuel Fernández Areal
D. Joel Fernández Soto
D. Manuel Xesús Fontán Bouzas
D. José Antonio Gómez Barbeito
Dª Laura González Novoa
Dª Mª do Carmo Henriques Salido
Dª Mónica Iglesias Rodríguez
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. José Mira Penedo
D. Carlos Mollinedo Lois
Dª Camino Noia Campos
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mnez. e Pamor
Dª Ana Belén Reboredo Fernández
D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Celso Rodríguez Fernández
D. Eduardo Rubiales Camino
D. José Angel Sampayo Fernández
D. Fco. José Vázquez Núñez
Dª Mª Teresa Viñas Gil
D. Horacio A. Villar Suárez (CIG)

ESCUSAN ASISTENCIA

Dª Mª del Pilar López Vida

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o vintenoventa de xullo de mil novecentos noventa e seis, ás 9.30 horas, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O luns, **día 29 de xullo de 1996**, ás 10.30 horas, celebrouse sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

ASUNTOS URXENTES

- 1º.- Aprobación, se procede, da adscripción á Facultade de Humanidades da titulación de Filoloxía Galega.
- 2º.- Aprobación, se procede, de planos de estudio de "Filoloxía Galega", "Ciencias do Mar", "Informática de Xestión", "Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos" e "Química".
- 3º.- Asuntos urxentes de profesorado: Prazas BOE, Transformacións, Permisos, Profesores visitantes, Comisión de servicios, Cambio de área.
- 4º.- Facultar, se procede, ó Rector para a interposición de recurso contencioso-administrativo en contra do "proxecto de construción de dous Colexios maiores en Ourense pola Fundación San Rosendo".
- 5º.- Aprobación, se procese, do Máster "Saúde Natural. Aplicación e atención primaria".

Preside a sesión o Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, e actúa como Secretario, o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

D. Horacio A. Villar Suárez solicita a retirada dos puntos 1º e 4º, xa que non se presenta documentación; non se acepta.

Presenta o **punto 1**, O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire que propón a adscripción da titulación de Filoloxía Galega á Facultade de Humanidade de Vigo, xa que é o Centro no que se dispensan as Filoloxías; motivado ademais porque a titulación de Galego impartírase o próximo curso no campus de Pontevedra.

A profesora Henriques Salido pregunta porque non se crea a Facultade de Galego. O Vicerrector de Ordenación Universitaria di que a creación dun centro ten que seguir o trámite regulamentario que necesita da elaboración dunha memoria que ten que aproba-la Xunta de Goberno e levar ó Claustro universitario e ó Consello Social, para que o ratifique a Xunta de Galicia.

D. Manuel Xesús Fontán Bouzas di que os alumnos de Pontevedra defenden que Filoloxía Galega se imparta no campus de Pontevedra.

D. Xosé Henrique Costas González pregunta onde se vai dispensa-lo próximo curso Filoloxía Galega; contesta o Vicerrector de Ordenación Universitaria que aínda están en estudio varias posibilidades.

O profesor Costas González propón que se imparta en EXB de Pontevedra xa que hai aulas libres polas tardes e que catro espabilados as están a utilizar para usos particulares (petición de conste en acta).

Faise a votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	22
-votos en contra:	7
-abstencións:	8

Apróbase a adscripción da titulación de Filoloxía Galega á Facultade de Humanidades de Vigo.

Hai un conste en acta dos votos da profesora Becerra Suárez, "a miña abstención fundaméntase en que, aínda pensando que a Facultade de Humanidades de Vigo aceptaría a adscripción, ó non se-lo centro informado nin consultado, coído que se incumpre a normativa".

D. Horacio A. Villar Suárez reitera que non se debería tratar por non presentar documentación.

No **punto 2, Plano de estudos de FILOLOXÍA GALEGA**, D. Horacio A. Villar Suárez fai constar que a Facultade de Humanidades de Vigo aprobou o plano de estudos de Filoloxía Galega sen ter adscrita a dita titulación.

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire explica o proceso de elaboración do plano de estudos de Filoloxía Galega, recalando que ó atoparse adscritos os Departamentos de filoloxías á Facultade de Humanidades, se lle encargou a dita elaboración.

A profesora Noia Campos explica os pormenores do plano de estudos, en particular a consideración de obrigatoria ou optativa a lingua española, indicando que na Xunta da Facultade de Humanidades a profesora Becerra Suárez dixo que "o arranxaría onde o tiña que arranxar", ó terse votado que a lingua española debe figurar como optativa.

Respecto desta afirmación a profesora Becerra Suárez solicita á profesora Noia Campos que retire as súas palabras, ó que esta négase.

A profesora Becerra Suárez pide que conste en acta os termos das súas intervencións na Xunta de Facultade, tal como figura na acta de dita sesión e na certificación axunta (anexo I).

O profesor Pérez-Martínez e Pérez-Amor pide conste en acta que "*o Vicerrector pertinente non curse as propostas de novos planos de estudio se non veñen convenientemente xustificadas, tanto dende o punto de vista socio-económico como dende o académico, xustificacións que axuden a toma-lo sentido do voto dos membros da Xunta de Goberno non involucrados no plano de estudos*".

A profesora Alonso Escontrela apoia o exposto polo profesor Pérez-Martínez.

Existindo dúas propostas, unha da COAV "na que figura Lingua española como obrigatoria" e sendo a outra a remitida polo Centro, procédese á votación co seguinte resultado:

-proposta da COAV:	22 votos
-proposta do Centro:	6 votos
-abstencións:	8

Apróbase o plano de estudos de Filoloxía Galega (anexo II).

A profesora Becerra Suárez presenta voto particular, abstención, "*fundaméntase en que, o meu xuízo, a Xunta de Goberno non é un órgano para aproba-los planos de estudio, como un trámite máis, aínda que xa sexa tarde para iso por atoparse no mes de xullo. Coido que neste órgano de goberno non se tratou con seriedade o plano de Filoloxía Galega, razón pola cal non pode estar a favor de ningunha das propostas expostas*".

Plano de estudos de CIENCIAS DO MAR.- Presentao o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire indicando que o plano de estudos é unha reforma do anterior para acomodarse ás novas directrices do Consello de Universidades.

O Decano da Facultade de Ciencias de Vigo, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger indica que a modificación do plano de estudos foi consensuada por tódolos membros da Facultade e que só existe unha discrepancia coa proposta da COAV, nos créditos de libre elección, pedindo que estes pasen de 12 a 10,5.

Apróbase o plano de estudos de Ciencias de Mar (anexo III) por asentimento, coa modificación proposta polo Decano da Facultade de Ciencias de Vigo.

Plano de estudos de INFORMÁTICA DE XESTIÓN.- O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire expón que este plano é unha modificación do plano anterior.

O Director da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica en Informática de Xestión, D. Enrique Barreiro Alonso explica os pormenores da elaboración do plano de estudos.

Apróbase por asentimento o plano de estudos de Informática de Xestión (anexo IV).

Plano de estudos de CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS.- O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire indica tamén que igual que os anteriores, é unha modificación ó plano de estudos anterior.

O Secretario da Facultade de Ciencias de Ourense, D. Pedro Araújo Nespereira non está de acordo coa proposta da COAV respecto ós módulos de prácticas.

Faise a votación co seguinte resultado:

-proposta da COAV:	16 votos
-proposta do Centro:	8 votos
-abstencións:	6

Apróbase o plano de estudos de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (anexo V).

Plano de estudos de QUÍMICA.- O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire expón a problemática que xurdiu neste plano de estudos xa que o mesmo foi rexeitado e aprobado pola Facultade de Ciencias, polo que propón que a Facultade elabore un novo plano de estudos.

O Decano da Facultade de Ciencias de Vigo, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger propón que se devolva o plano de estudos para que se elabore outro tomando como referencia.

O Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire mantén que para chegar a un consenso é mellor que volvan a elabora-lo plano de estudos.

Faise unha votación co seguinte resultado:

-proposta da COAV:	24 votos
-proposta do Centro:	2 votos
-abstencións:	3

A profesora Alonso Escontrela presenta voto particular "*abstención á votación dos planos de estudio de Filoloxía Galega, Ciencias do Mar, Informática de Xestión, Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos e Química, por non axustarse á normativa sobre planos de estudio aprobada pola Xunta de Goberno, o cal significa ausencia de elementos tales como "perfiles profesionais", "porcentaxe de materias de formación básica, especializado e de formación xeral, etc. etc.", que son esenciais para poder avalialos xa que proporcionan criterios importantes para a súa análise*".

Presenta voto particular o Decano da Facultade de Ciencias de Vigo, profesor Reigosa Roger, "*o acordo tomado pola Xunta de Goberno de devolve-lo plano de estudos á Facultade baséase nunha consideración que, ó meu entender, non ten fundamento legal ningún: o de que un órgano de goberno non pode corrixi-lo contido de acordos anteriormente tomados. A única limitación que a lei establece neste senso é a de que non se lesionen intereses de terceiros, o cal non acontece neste punto. Así, as consideracións aducidas polo equipo rectoral para non tomar en consideración o plano de estudos de química, aprobado tralo período de emendas, semella, ademais de ser absurdo desde o punto de vista lóxico, estar vulnerando a normativa e a propia lei. A COAV, tal e como se lle indicou desde a Xunta de Titulación, que ten competencias no tema, non tiña que estudar nin someter á consideración da Xunta de Goberno a proposta inicial do plano de estudos, posto que logo esta proposta foi sometida ó período de emendas regulamentario polo propio Rectorado. E a proposta finalmente aprobada pola Xunta de Titulación e a Xunta de Facultade foi unha emenda á totalidade que se axusta á normativa vixente e que non pode ser tachada de ilegalidade. Polas devanditas razóns, presento este voto particular, e resérvome as accións legais que considere oportunas*".

O profesor D. Xosé Manuel Cid Fernández pide que a documentación dos planos de estudio estea en galego.

No **punto 3**, Asuntos urxentes de profesorado, apróbase a saída das seguintes prazas de profesorado a BOE:

D06	555	TIT-UN	Vigo	Álvarez da Costa, Estrella
D06	780	TIT-UN	Ourense	López Fernández, Mercedes
D00	413	TIT-EU	Pontevedra	Gutiérrez Nieto, Manuel

Apróbanse as seguintes transformacións:

D08	415	Viso Alonso, Augusto	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D08	415	Castro Rodríguez, Fidel	de A-T3P4 a PP1
D08	415	Freire Serán, M ^a Jesús	de A-T3P4 a PP1
D08	415	Novoa García, Santiago	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D09	095	Mazaira Castro, Andrés	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D09	650	Figueroa Dorrego, Pedro Froilán	de TIT-EU P3 a TIT-EU T
D09	650	Morado Riveira, M ^a Alicia	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D10	005	Quinteiro Sandomingo, Carmen	de PP1 a PP2
D11	400	Varela Benvenuto, Ramiro A.	de PP2 a TIT-UN (I)
D12	230	Vilaboa Martínez, Concepción	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D13	630	Pérez Álvarez, M ^a José	de PP1 a PP2
D16	070	López Mira, Alvaro Xosé	de PP1 a TIT-UN (I)
D17	140	Mourín González, Teresa	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D17	155	Michinel Álvarez, Miguel Angel	de PP1 a TIT-UN (I)
D17	165	Costas Comesaña, Julio	de PP1 a TIT-UN (I)
D17	165	Díaz del Río Fery, Arsenio	de ASO-T1 P6 a ASO-T3 P3
D17	165	Lojo Aller, Juan Manuel	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D17	165	Picatoste Bobillo, Julio C.	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D18	240	Marcet Miramontes, Purificación	de PP1 a PP2
D20	545	Gutiérrez Grande, Carlos	de ASO-T3 T a TIT-EU (I)
D21	520	Vázquez Núñez, Fernando	de PP1 a TIT-UN (I)
D21	520	Espada Seoane, Angel M.	de ASO-T3 T a TIT-UN (I)
D23	215	Domínguez Prieto, Elías	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D23	215	González Rajo, Javier	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D23	625	Ocampo Gómez, Camilo Isaac	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D25	150	Fernández López, Roberto I.	de AXU-UN1 a PP2
D25	225	Moreno LUGRÍS, Alfonso	de ASO-T3 P3 a ASO-T3 P6
D25	225	Villar Rodríguez, Antonio	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D25	225	Díaz Leyes, José Luis	de ASO-T3 P6 a ASO-T3 P3
D31	185	Alonso Romera, Sol	de PP1 a TIT-UN (I)
D31	260	Moraza Pérez, Juan Luis	de PP1 a TIT-UN (I)
D31	260	Buxán Bran, Xosé M.	de PP1 a TIT-UN (I)
D32	640	Montaña Miguélez, Julia M ^a de la	de PP2 a TIT-UN (I)

Non se aproba o incremento de dedicación de D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo, D21, A720, xa que as horas a xustificar non son da área de "Proxectos de Enxeñaría".

Apróbase a concesión dos seguintes permisos:

García Sánchez, Manuel	dende 16.11.96 ata 15.02.97
Sieiro Vázquez, M ^a Carmen	dende 29.07.96 ata 15.02.97
Mateo Sevilla, Matilde	dende 15.02.97 ata 15.02.98
López Fernández, Mercedes	dende 22.07.96 ata 21.10.96
Simal Gándara, Jesús	dende 01.07.97 ata 30.09.97

Apróbase a contratación dos seguintes profesores visitantes:

D. Ubaldo Manuel García Palomares	D01-560	coa retribución de TIT-UN
D. Oscar Willian Márquez Florez	D01-800	coa retribución de TIT-UN
D ^a Alexandra Koss	D03-573	coa retribución de TIT-EU
D ^a Marie-Evelyne Le Poder	D03-573	coa retribución de PP1
D ^a Gloria L. Marroco-Maffei de Piccolo	D03-573	coa retribución de PP1
D. Roberto Neal Baxter	D03-573	coa retribución de PP1
D ^a Olga Alonso Villar	D25-225	coa retribución de PP2
D. Daniel G. Miles Touya	D25-225	coa retribución de AXU-UN1
D. Jesús Illán González	D26-595	coa retribución de TIT-UN
D. Ricardo Mario Carranza	D06-555	coa retribución de TIT-UN
D ^a Carmen Victoria Riverol Cañizares	D06-555	coa retribución de TIT-EU

Apróbase:

- a concesión da prórroga da Comisión de servicios do profesor D. Carlos Vázquez Cendón, na Universidade de A Coruña;
- a petición de prórroga á Universidade de A Coruña da Comisión de servicios do prof. D. Eduardo Martínez Brey;
- a petición, á Universidade Autónoma de Madrid, de Comisión de servicios do prof. D. Marco Villagómez Cebrián.

Apróbanse os cambios de área dos profesores D. Lorenzo Rodríguez Comesaña, D^a M^a José García Rodríguez e D. Andrés Mazaira Castro, da área 650 "Organización de Empresas" á área 095 "Comercialización e Investigación de Mercados".

Infórmase da reincorporación do profesor D. Carlos M^a Fernández Jardón, TIT-UN da área 225 "Economía Aplicada".

No **punto 4**, o Vicerrector de Planificación, D. José Barreiro Somoza indica que na última Xunta de Goberno, no Informe do Rector, este presentou a problemática xurdida pola cesión á Fundación San Rosendo da parcela asinada á Universidade polo Concello de Ourense para que aquela Fundación poida construír dous colexios maiores; indica que aínda que o Rector está facultado para interpo-lo recurso, este debe contar co apoio da Xunta de Goberno.

A profesora Henríquez Salido apoia a proposta de presenta-lo recurso.

A profesora Becerra Suárez propón que se pida o apoio do Consello Social.

Acéptase facultar ó Rector para a interposición de recurso contencioso-administrativo en contra do "proxecto de construción de dous Colexios maiores en Ourense pola Fundación San Rosendo".

No **punto 5**, presenta o Máster o Vicerrector de Ordenación Universitaria, D. Carlos Martínez-Peñalver Freire e xustifica a súa urxencia xa que ten que comezar no mes de setembro.

D. José A. Sampayo Fernández critica a política de Máster seguida pola Universidade de Vigo.

Prodúcese unha votación co seguinte resultado:

-votos a favor:	15
-votos en contra:	10
-brancos:	6

Apróbase o Máster "Saúde Natural. Aplicación e atención primaria" (anexo VI).

Presenta voto particular D. José A. Sampayo Fernández quen "*quere manifesta-lo seu voto en contra, xa que non está de acordo coa política de mellora de curriculum a conta dos Máster*".

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 15.15 h. do día 29 de xullo de 1996, da que eu como Secretario dou fe, co vº e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luis Legido Soto